

El Correo Gallego 11-8-13

{ AGORA XA FOI }

Un mundo que alá vai



Vicente Araguas

Escritor e crítico literario

POUCOS ESCRITORES que teñan a riqueza léxica de Neira Vilas, a capacidade de transmitir sentimentos, a potencia visual para transmitir a golpe de olladas moito máis que costumistas o que foi e nunca volverá ser. No caso de Xosé Neira Vilas o mundo rural no que medrou, nos anos prebélicos (Neira naceu en 1928) e no transcurso do feito máis traumático da nosa historia recente. Logo a cousa mudaría, porque aquelas aldeas castigadas polo desleixo duns gobernantes que non vían nelas senón celeiros para a emigración non podían seguir sendo reductos previos á revolución industrial. Esa que aquí non

chegaría, e con timidez, ata despois da Guerra Civil. Semellante panorama ten sido pintado moitas veces por Neira Vilas, so branceiramente nese clásico da nosa narrativa que é *Memorias dun neno labrego*. Ao que soamente un malentendido (cando non a ignorancia) pode reducir a literatura para escolares. Porque neste caso estamos diante dunha obra mestra, un *bildungsroman*, mais para todas as idades. Esta temática (e moitas outras, non me sexan reduccionistas, por favor) ten reaparecido en libros varios de Neira Vilas, el mesmo emigrante en Arxentina e Cuba, onde fixo de motor de explosión das letras

galegas, mesmo como editor e distribuidor. ¿Variacións sobre o tema? Segundo e conforme. Porque a vizosidade estilística (e léxica, xa se dixo) do Señor de Gres fai de cada libro seu novidade. Así o último libro de Neira Vilas, *Aquel neno* (Edicións Embora, Ferrol, 2013). Resumo e compendio, sabedor e sabido, da vida nunha aldea galega nos anos dos “quen puidera”, onde nada había senón un idioma aínda non deturpado e toda

Resumo e compendio, sabedor e sabido, da vida nunha aldea galega nos anos dos ‘quen puidera’

esa caste de oficios (e o léxico vencellados a eles) que alá foron no vento. Non do esquezo porque hai escritores como Neira Vilas quen de reconstruílos desde o sentimento e a potencia visual. No caso deste libro acompañadas dunhas ilustracións de Xosé Vizoso dunha forza extrema na súa sinxeleza lanzal. Como a escrita (e máis o concepto) que transmite Neira Vilas, un dos nosos escritores grandes, traducido a moitas linguas e compañeiro nas páxinas dominicais de EL CORREO GALLEGO. Un honor e un luxo. Como saber que en Ferrol está Edicións Embora, dando tanto e tan bo que ler.